O goberno do Estado español xustifica o fortísimo incremento do recibo da luz dos últimos anos nun suposto déficit tarifario. Así, argumenta que o prezo da electricidade non cobre os custos de produción. Porén, isto é falso. A trampa reside na metodoloxía utilizada para o cálculo do custo de produción a través de poxas no mercado maiorista, o coñecido como "pool" eléctrico. Antes da liberalización do sector, ligábase o prezo da enerxía ao custo real de produción de cada unha das tecnoloxías. Na actualidade, o prezo final da electricidade no mercado maiorista vén determinado polo prezo da última oferta en ser aceptada. Isto significa que, dada a existencia de tecnoloxías que producen a uns custos moi inferiores, este sistema xera uns beneficios exaxeradamente elevados aos propietarios desas instalacións de produción; son os coñecidos no sector como "beneficios chovidos do ceo", sobre todo no caso de enerxías case amortizadas como a hidroeléctrica e a nuclear. Cabe, por tanto, opoñerse con absoluta rotundidade a incrementos no recibo da luz eléctrica que só fan engordar as contas de resultados das grandes compañías eléctricas. Cómpre avogar, pois, por uha reforma a fondo da normativa do sector eléctrico, tanto para corrixir os denominados inxustos e elevados beneficios que se xeran co formato actual de poxas de enerxía no mercado maiorista, co que se poría fin á escalada no incremento do déficit da tarifa, como para retornar a un modelo de maior intervención e control nun servizo esencial como o subministro eléctrico aos fogares, cuxa liberalización demostrou que beneficia exclusivamente ás grandes empresas enerxéticas a custo dunha política abusiva coa maioría das persoas abonadas.

Esta situación prodúcese nun contexto en que Galiza é excedentaria na produción de electricidade. Así, mentres padece os custos sociais e medioambientais que supón a xeración eléctrica, non obtén ningún beneficio desta condición.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte, **ACORDO**

**Instar á Xunta de Galiza ás seguintes cuestións:**

- 1. Realizar as modificacións lexislativas necesarias para garantir o subministro enerxético ás familias que estean en situación de pobreza e, entre tanto, adopte medidas prácticas para evitar as dramáticas consecuencias desta problemática nos fogares galegos máis desfavorecidos.**
- 2. Instar ao Goberno do Estado a regular a prohibición taxativa de corte de subministro unilateral por parte das empresas subministradoras de servizos esenciais, particularmente os de enerxía, ás familias, precisándose en todo caso a autorización da administración competente para evitar os cortes**



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

a persoas e familias sen recursos.

3. **Solicitar do Goberno do Estado español que permita a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción de electricidade, posibilite unhas menores tarifas tanto para o consumo doméstico como para as empresas.>>**

**SRA.IGLESIAS, PP.**-E certo que Galicia é unha gran potencia productora de enerxía eléctrica, e xa os galegos por iso nos estamos beneficiando de certas cousas como cuantiosos investimentos; 30.000 empregos directos e indirectos; 5% do PIB galego, ademais de instrumentos que repercuten positivamente en Galicia como son o cánon eólico, o cánon hidráulico ou a eco taxa; pago de impostos municipais tales como o IBI.

Ademais de iso decirlle que o goberno de Galicia xa fixo modificacións legislativas e existe dentro da Lei o bono social, o tiquet eléctrico e a axuda para evitar o corte do suministro. E se vamos concretamente ós problemas eléctricos que hai na nosa Vila, a día de hoxe non temos constancia de que haxa ningún corte de luz; non o hai; e tamén actuaría Servizo Sociais en caso de que houbera necesidade. Por eses motivos que acabo de presentar este equipo de goberno vai votar en contra desta moción.

**SR.GÓMEZ, PSOE.**- O grupo municipal socialista vai apoiar a postura do BNG, e dalgunha maneira non entendemos a postura do grupo de goberno; podemos incluso irnos a fai poucos días, en Reus, na Comunidade Autónoma de Cataluña, houbo un caso en particular onde morreu unha señora por este tipo de problemas; e incluso podemos citar a postura do portavoz do PP no Estado Español, Sr.Hernando, que creo que foi unha actuación totalmente desafortunada.

Creo que todo este tipo de iniciativas, aparte de que dalgunha maneira, neste caso o goberno da Xunta de Galicia, fixera as modificacións legislativas que creíu conveniente no seu momento, entendo, ou entendemos, que é mellorable; e polo tanto por iso entendemos que debemos apoiar a proposta do BNG.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.**- Nosotros vamos a votar tamén a favor de la propuesta porque ademais obviamente va en consonancia con lo acordado ayer en el Parlamento Español con una moción presentada por Unidos Podemos-En Marea, en este mismo sentido, prácticamente se venían pidiendo las mismas cosas excepto lo referente a Galicia, y fue una moción que fue aprobada en el Parlamento con 200 votos a favor, uno en contra, y 132 abstenciones; lo dejo ahí, encima de la mesa.

**SR.PEREIRA, BNG.**- Comentaba a Sra.Iglesias, todos os supostos beneficios que traen para Galicia as empresas eléctricas, pero aquí non estamos discutindo iso, que sería discutible; estamos intentando poñer un amparo a unha máis que posible situación de moitos galegos, e esperemos que de ningún baionés, evidentemente; e as cifras dan que hai uns 300.000 galegos con dificultade para pagar o recibo da luz; calcúlase que pode chegar a 100.000 familias as que non poidan manter a temperatura ideal na súa casa.


O único que falou a voceira do PP relativo a esta moción foi unhas liñas de axudas que sacou o PP, sí que é certo, pero é unha axuda que se vai en tempo a 2 meses como moito, e para familias que non gañen máis de 500 euros; é dicir, o ano pasado, no 2015 esta axuda foi dunha duración de 2 meses para 3.000 galegos.

3.000 galegos é o 10% do número de galegos que en teoría poderían necesitar axuda.

Creemos que esta cifra segue sendo irrisoria. Polo tanto pedimos que reconsideren a súa postura e apoiem esta moción que simplemente é para intentar garantir que a xente non pase frío, e como comentaba o PSOE que en Galicia é difícil salvo en 4 pobos perdidos non hai excesivo frío, e se chegue á morte; non é o tema; o tema é dar protección e cabida, e unha axuda, e evidentemente menos da unha pedra, pero os datos din que realmente quedase bastante curta a axuda que por parte da Xunta de Galiza se dá para acabar coa pobreza enerxética.

**SRA.IGLESIAS, PP.**- Reitero o que dixen antes, non estamos dacordo con iso, e de feito é moi fácil dar ideas dende a oposición pero gobernar creo que é outra cousa. Creo que as modificacións legislativas que fixo o goberno do Partido Popular na Xunta son positivas; non afecta a 3.000 galegos senón a 4.000 familias galegas; e non temos constancia deses datos que nos está dando o BNG, os datos que temos nós son outros. Entón creemos que se están facendo as cousas como se teñen que facer e non estamos dacordo coa moción que presentades.

**SR.PEREIRA, BNG.**- Solo para finalizar, decirlle ó PP que esta mesma moción foi aprobada en moitos Concellos; non é esta exactamente, pero o PP participou nela; evidentemente neses Concellos non gobernaba, como vostede di, pero bueno, que ó final hai xente tamén do PP que considera que a propia Xunta non está facendo todo o que debería.



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.**- Para finalizar comentarilles que o próximo vénres día 9, ás 12,30, no Vivero de empresas, haberá unha charla da Xunta sobre o tema, "Dalle luz a tua factura"; creo que é moi interesante e de feito o publicitaremos para os veciños da nosa zona, posto que somos o equipo de goberno e a Corporación municipal de Baiona e o que se pretende é asesorar e informar para que independentemente do que se traslada nesta moción realmente se faga un bo uso do suministro eléctrico, porque aunque o Sr.Pereira comentara que aquí non fai moito frío realmente non é soamente iso do que estamos falando; é todo o que representa o consumo eléctrico.

Decir que o primeiro parágrafo é realmente tremendo contra o PP; simplemente decir que non me parece ben, que dende o goberno PP a nivel nacional pois o incremento da tarifa eléctrica foi un 10%, sen embargo cando gobernaba o PSOE os 8 anos anteriores pois o incremento foi do 65%; hai que decir tódalas cousas; é moi fácil protestar pero todos temos parte de culpa.

---

**O Sr.Alcalde somete a votación a presente moción, resultando: 8 votos a favor (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON), e 9 votos en contra (PP); polo cal fica rexeitada a presente moción.**

---

**5.3.-MOCIÓN DO PSOE.- DIA SIDA.**

**SR.GOMEZ, PSOE.- EXPLICACION DA URXENCIA.**- Mañán é o día mundial da SIDA e a única maneira de explicar a urxencia é que por motivos varios podemos presentar esta moción aínda onte.

---

**VOTACIÓN DA URXENCIA.- Fica aprobada por unanimidade.**

---

**O/SR.GÓMEZ, PSOE,** procede á lectura da seguinte **MOCIÓN:**

O 1 de decembro de 2014, Día Mundial da SIDA, alcalde de todo o mundo asinaron en París unha declaración para poñer fin á epidemia de SIDA nas súas cidades. Nesa declaración, denominada Declaración de París, os alcaldes comprométese a adoptar unha serie de compromisos para acelerar a resposta ó SIDA nas cidades co obxectivo de por fin á epidemia. Entre tales compromisos atópase alcanzar os obxectivos 90-90-90 de ONUSIDA.

Nesta reunión, organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/SIDA (ONUSIDA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (ONU-Hábitat) e a Asociación Internacional de Provedores de Atención ó SIDA (IAPAC), organismos que, xunto cos alcaldes, asinaron a Declaración de París.

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas Comunidades máis afectadas polo VIH, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública e desenrolar, construír e acelerar as estratexias urbanas en materia de VIH e usar a resposta á SIDA como catalizador para unha transformación social positiva.

Atopámonos nun momento histórico para a resposta ó SIDA. Grazas aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de por fin á epidemia da SIDA a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta ó SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a alcanzar os obxectivos 90-90-90 en 2020, isto é: que o 90% das persoas que viven co VIH coñeza o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciba tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento suprima a carga viral.

Podemos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas co SIDA, incluídas as mortes por tuberculoses. Podemos acabar co estigma e a discriminación. Todos os nosos cidadáns e cidadás deben ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose, que permitan salvar vidas.

Se colaboran, as cidades poden adoptar medidas locais que teñan unha repercusión mundial. Ó aproveitar o noso alcance, infraestrutura e capacidade humana, as cidades crearán un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e



**EXCMO. CONCELLO**  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

sustentable para todos os cidadáns, sen importar o seu sexo, idade, situación económica ou social ou orientación e identidade sexual.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta esta **MOCIÓN**, sometendo á consideración e aprobación polo Pleno dos seguintes:

**ACORDOS:**

- Adherirse á Declaración de París para unha acción acelerada nas cidades e poñer así fin á epidemia da SIDA para o 2030, cuxo texto integro se adxunta ao presente Acordo.
- Trasladar o presente Acordo de Adhesión á Declaración de París aos seus promotores e á Coordinadora Estatal VIH-SIDA (CESIDA), así como ás organizacións de VIH-SIDA do noso ámbito.
- Autorizar a sinatura de Adhesión á Declaración de París do Alcalde.

**SR ALCALDE.-** Queremos facer unha pequena enmenda e engadir un punto, que realmente na declaración orixinal é o punto 7 (se cortou e non se puxo), que dí no título "Unirnos como líderes"; entón o equipo de goberno estaría a favor de aprobar esta moción, que me gustaría que foxe por maioría.

O texto engadido sería:

*"Unirnos como líderes. Comprometémonos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades co obxecto de facer realidade a Declaración de París do 1 de decembro de 2014. Traballaremos en ampla consulta con todas as partes interesadas e analizaremos periódicamente os resultados a fin de axustar as nosas respostas para que sexan máis rápidas, intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que se poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos".*

O motivo de engadir este punto é porque realmente entendemos que así seremos moito máis participes dende o Concello de Baiona; desta maneira non teremos problema en aprobar a moción.

**SR.GÓMEZ, PSOE.-** Por parte do grupo municipal socialista tampouco hai problema.


**SR.PEREIRA, BNG.-** Igual; nós vamos a apoiar a moción.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Nosotros también la apoyamos.

Sometida a votación a enmenda presentada polo equipo de goberno resultando aprobada por unanimidade dos presentes.

Acto seguido sométese a votación a moción coa emenda presentada que literalmente dí o seguinte <<\_O 1 de decembro de 2014, Día Mundial da SIDA, alcalde de todo o mundo asinaron en París unha declaración para poñer fin á epidemia de SIDA nas súas cidades. Nesa declaración, denominada Declaración de París, os alcaldes comprométese a adoptar unha serie de compromisos para acelerar a resposta ó SIDA nas cidades co obxectivo de por fin á epidemia. Entre tales compromisos atópase alcanzar os obxectivos 90-90-90 de ONUSIDA.

Nesta reunión, organizada pola alcaldesa de París, Anne Hidalgo, estiveron tamén presentes o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH/SIDA (ONUSIDA), o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (ONU-Hábitat) e a Asociación Internacional de Provedores de Atención ó SIDA (IAPAC), organismos que, xunto cos alcaldes, asinaron a Declaración de París.



EXCMO. CONCELLO  
DE  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

A Declaración de París de 2014 inclúe o compromiso de centrarse nas Comunidades máis afectadas polo VIH, mobilizar recursos para lograr unha mellor integración de saúde pública e desenrolar, construír e acelerar as estratexias urbanas en materia de VIH e usar a resposta á SIDA como catalizador para unha transformación social positiva.

Atopámonos nun momento histórico para a resposta ó SIDA. Grazas aos avances científicos, o activismo comunitario e o compromiso político cuns obxectivos comúns, temos a oportunidade real de por fin á epidemia da SIDA a escala mundial para o ano 2030. As cidades levan moito tempo na primeira fila da resposta ó SIDA e agora atópanse nunha posición única para liderar accións aceleradas con miras a alcanzar os obxectivos 90-90-90 en 2020, isto é: que o 90% das persoas que viven co VIH coñeza o seu estado serolóxico; que o 90% dos que coñecen o seu estado serolóxico positivo reciba tratamento; e que o 90% das persoas en tratamento suprima a carga viral.

Podemos deter todas as novas infeccións polo VIH e evitar as mortes relacionadas co SIDA, incluídas as mortes por tuberculoses. Podemos acabar co estigma e a discriminación. Todos os nosos cidadáns e cidadás deben ter acceso a servizos de prevención, tratamento, atención e apoio relacionados co VIH e a tuberculose, que permitan salvar vidas.

Se colaboran, as cidades poden adoptar medidas locais que teñan unha repercusión mundial. Ó aproveitar o noso alcance, infraestrutura e capacidade humana, as cidades crearán un futuro máis equitativo, incluínte, próspero e sustentable para todos os cidadáns, sen importar o seu sexo, idade, situación económica ou social ou orientación e identidade sexual.

*Unirnos como líderes. Comprometémonos a elaborar un plan de acción e a unirnos nunha rede de cidades co obxecto de facer realidade a Declaración de París do 1 de decembro de 2014. Traballaremos en ampla consulta con todas as partes interesadas e analizaremos periódicamente os resultados a fin de axustar as nosas respostas para que sexan máis rápidas, intelixentes e eficaces. Apoiaremos a outras cidades e compartiremos as nosas experiencias, coñecementos e información sobre os aspectos que funcionan e os que se poden mellorar. Informaremos anualmente sobre os nosos progresos”*

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista presenta esta **MOCIÓN**, sometendo á consideración e aprobación polo Pleno dos seguintes:

**ACORDOS:**

- Adherirse á Declaración de París para unha acción acelerada nas cidades e poñer así fin á epidemia da SIDA para o 2030, cuxo texto integro se adxunta ao presente Acordo.
- Trasladar o presente Acordo de Adhesión á Declaración de París aos seus promotores e á Coordinadora Estatal VIH-SIDA (CESIDA), así como ás organizacións de VIH-SIDA do noso ámbito.
- Autorizar a sinatura de Adhesión á Declaración de París do Alcalde.

Resultando aprobada por unanimidade, o Pleno da Corporación por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- **Adherirse á Declaración de París para unha acción acelerada nas cidades e poñer así fin á epidemia da SIDA para o 2030, cuxo texto integro se adxunta ao presente Acordo.**
- **Trasladar o presente Acordo de Adhesión á Declaración de París aos seus promotores e á Coordinadora Estatal VIH-SIDA (CESIDA), así como ás organizacións de VIH-SIDA do noso ámbito.**
- **Autorizar a sinatura de Adhesión á Declaración de París do Alcalde.**

**5.4.-MOCIÓN DO BNG.- LIBERACIÓN PEAXE AG-57-.**



**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**SR. PEREIRA.**- Con esta moción pretendemos que a Corporación de Baiona nos unamos ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza recentemente; apoiando reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP 9 á Comunidade autónoma.

A maiores, tamén pedimos que a AG-57 a vía natural de autoestrada conexión do Val Miñor e de Baiona, por suposto, con esta AP-9, sexa unha estrada libre de pago.

---

**VOTACIÓN DA URXENCIA.**- Fica aprobada por unanimidade.

---

**O SR. PEREIRA** procede á lectura da seguinte **MOCIÓN SOBRE A TRANSFERENCIA DA AP-9 E LIBERALIZACIÓN DA PEAXE DA AG-57**

O Parlamento de Galiza, ao final da IX Lexislatura, por unanimidade de todas as forzas políticas con representación, aprobou a "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", que foi remitida ao Congreso dos Deputados para a súa tramitación e aprobación final.

O día 14 de outubro de 2016, o Goberno central comunicaba a desconfianza coa súa tramitación nas Cortes Xerais, en base a un suposto incremento de créditos orzamentarios. Con independencia de que as contas feitas polo Ministerio de Fomento son absurdas, ao fundarse nos ingresos brutos das peaxes nun ano determinado (co que no caso de que as galegas e galegos decidíssemos durante un ano non usar dita infraestrutura e reducir ao mínimo os ingresos de peaxes xa nos sairía case gratis o rescate), constitúe un agravio comparativo e unha discriminación parapetarse nun suposto incremento orzamentario para vetar o debate sobre a transferencia da AP-9 a Galiza e poder abaratar o seu custe para as usuarias e usuarios, cando se está a falar de achegar cantidades multimillonarias de diñeiro do orzamento público para rescatar autoestradas quebradas en Madrid, e que non redundarán precisamente nun beneficio das persoas que as usan, senón que irán directamente para compensar ás construtoras e á banca que tamén impulsaron esa ruínoza construción de vías de alta capacidade.

Os grupos políticos desta corporación, debemos reafirmar e apoiar a iniciativa aprobada no Parlamento de Galiza que ten como finalidade superar un marco competencial onde Galiza nin decide nin opina sobre a xestión da vía de alta capacidade máis importante do punto de vista social e económico do país, e aspira a que desde Galiza se tome o control desa autoestrada, para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9.


Con esta moción pretendemos que a Corporación de Baiona tamén se sume ao consenso político acadado no Parlamento de Galiza e apoie expresamente a defensa da iniciativa legislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo Parlamento de Galiza.

Ademais tamén para expresar o rexeitamento a que unilateralmente e sen xustificación, dun xeito totalmente arbitrario e despectivo cara a principal institución representativa de Galiza, mesmo se impoña un veto ao seu debate e tramitación nas Cortes Xerais. Polo tanto, tamén estamos a reclamar que se garanta un elemental dereito democrático por parte do Goberno central, a que unha iniciativa de tanta importancia para Galiza sexa debatida e sometida a consideración do Congreso e do Senado, non simplemente a ser arquivada sen ter a oportunidade de a poder facer valer.

A maiores, esta situación vese especialmente agravada no Val Miñor, xa que a vía de conexión natural coa AP-9, a autoestrada do Val Miñor, AG-57, é tamén unha estrada de pago, gravando aínda mais os desprazamentos dos veciños e empresas miñoráns e evitando, por mor das peaxes, que constituía unha verdadeira vía de circunvalación do Val.

Por todo iso, o Pleno da Corporación Municipal de Baiona, **ACORDA**

**1. Instar ao Goberno central e ao Ministerio de Fomento a retirar a desconfianza coa tramitación da "Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza", aprobada por unanimidade do Parlamento de Galiza.**



EXCMO. CONCELLO  
D E  
BAIONA  
(PONTEVEDRA)

1. Instar a todos os grupos políticos con representación nas Cortes Xerais a axilizar a súa tramitación e aprobala nos termos consensuados no Parlamento de Galiza.
2. Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e as construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9.
3. Instar á Xunta de Galiza a iniciar os traballos para o rescate e liberalización das peaxes da AG-57, co fin de convertela nunha auténtica circunvalación do Val Miñor.

**SR. ALCALDE.-** Moitas grazas Sr.Pereira; no punto anterior votamos a favor aumentando un punto dando información. Neste caso tamén podemos votar a favor pero sempre e cando se retire o punto nº 3 "Rexeitar o rescate multimillonario con fondos públicos de autoestradas co único fin de salvar á Banca e ás construtoras que as xestionan, e instar a que os recursos públicos se destinen prioritariamente ao rescate de autoestradas en beneficio das usuarias e usuarios finais, para rematar coas peaxes abusivas da AP9".

Se estima que máis ou menos serán máis de 4.000 euros o rescate; queremos saber de onde van a sair eses cartos; si van a sair da Educación, de Sanidade, ou de onde van a sair.  
Por iso nós apoiamos a moción e como non, o 4º punto, porque é un punto máis persoal, que nos atañe á AG-57; pero sempre que se rexeite o punto 3º.

**SR.GÓMEZ, PSOE.-** Nós vamos apoiar a moción na súa totalidade.

**SR.MONTES SÁNCHEZ, EU-SON.-** Nosotros también porque además nos parece que el punto 3º está muy bien; no creo que nadie trabaje para la banca aquí. Que se rechace el rescato multimillonario con fondos públicos para la banca y que se dediquen al beneficio de los usuarios no nos parece nada mal. Vamos a votar a favor.

**SR.PEREIRA, BNG.-** Entendemos que o que plantexa o PP é difícil de casálo dentro do que é o propio corazón da moción porque aparte da transferencia, que ahí estamos tódolos grupos políticos xa dacordo e feito no Parlamento, como xa dixen aquí 2 ou 3 veces, está completamente aprobada e apoiada por todos, si que entendemos que o punto 3º ten a súa importancia sobre todo porque é un dos obxetivos que entendemos nós que sería beneficioso para galegos e galegas: rematar coas peaxes abusivas entendemos, da AP-9, unha autoestrada que está máis que rentuada para a empresa. Non aceptamos a proposta de retirar o punto 3º.

**O Sr.Alcalde somete a votación o presente punto, resultando: 8 votos a favor (4,PSOE; 2,BNG; 2, EU-SON), e 9 votos en contra (PP); polo cal o pleno da Corporación por maioría abosluta rexeita a presente moción.**

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **ROGOS DO PSG-PSOE.- SRA.SANTOS.-**

1.- O alumeádo do Casco Vello do Concello encéndese con retraso, é decir, ¿non se modificou o cambio de horario?.

**SR.ALCALDE.-** Non se ten porque modificar porque no casco hai reloxes astronómicos e eles mesmos fan o cambio e van variando en función do tempo; cando é o cambio de hora tamén o fan.

##### **ROGOS DE EU-SON.- SR.MONTES SÁNCHEZ.-**

1.- A instancias de un vecino, que intentó mandar un correo a la Alcaldía de Baiona, al que sale en la página web, que pone "[alcalde@baiona.com](mailto:alcalde@baiona.com)"; creo que a lo mejor hay que revisarlo porque igual tiene que ser "[alcalde@baiona.org](mailto:alcalde@baiona.org)". La gente nos lo ha comentado y se lo trasladamos.



**EXCMO. CONCELLO**  
D E  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

---

**PREGUNTAS DO PSOE.- SRA.SANTOS.-**

**1.- ¿Cál e prazo estimado para rematar as obras de humanización das rúas Marqués de Quintanar, Laureano Salgado e Ciudad de Vigo?.**

**SR.ALCALDE.-** Se estima que será a finais do ano que ven, do 2017.

**2.- Con esta humanización, ¿cántos aparcamentos vanse perder na vía pública nas citadas rúas?.**

**SR.ALCALDE.-** Menos de 50.

**3.- ¿Cómo van as obras do Arquivo municipal?. ¿Vanse a rematar dentro do prazo estimado?.**

**SR.ALCALDE.-** Van moi ben e rematanse no prazo estimado.

**4.- ¿Cal é o criterio que se utiliza para a instalación do alumeado de nadal nas rúas do Concello; é decir, nesta rúa sí, nesta outra non....? ¿Quen decide?.**

**SRA.IGLESIAS, PP.-** A Asociación de Empresarios nos últimos anos entendo que ao mellor teñen menos asociados e menos cartos para adicar ó alumeado; de ahí que dende o ano pasado tamén o Concello esté alumeando tódalas rotondas que están no centro de Baiona para dar un pouco máis de vida ao que é o centro. Pero en principio a iluminación das zonas comerciais correspóndelle a Asociación de Empresarios.

**5.- O pasado luns día 21, o colectivo de taxistas do Concello elevou por rexistro unha queixa, a cal foi trasladada pareviamente ó Sr.Alcalde de maneira persoal e directa, e éste a sua vez derivou a mesma ó sarxento da Policía municipal. ¿En qué situación atópase a citada queixa?. ¿Por qué se derivou a responsabilidade á Policía Local?.**

**SR.ALCALDE.-** Non me consta ningunha entrada no Rexistro do día 21. Teño unha aquí que é do día 28 de novembro.

Respecto a porqué se lle derivou á Policía; según o disposto na ordenanza municipal, cando o titular dunha licenza do Concello de Baiona está utilizando un vehículo que non cumpre o disposto na ordenanza, como poden entender un Alcalde non vai a ir alí a mirar si cumpre ese taxi con tódolos requisitos; teño que trasladarilo á Policía. E a Policía ten que facer un informe e despois se procede un informe xurídico, e ó final o Alcalde é que ten que firmar; pero eu non podo como Alcalde ir alí a comprobar si cumpre ou non cumpre.

---

**PREGUNTAS.- SR. IAGO PEREIRA, BNG.-**

**1.- ¿ E certo que estivo de baixa o bedel do Colexio de Fontes durante un tempo?.**

**SR.ALCALDE.-** Estivo de baixa.

**2.- ¿E certo que foi cuberto o posto por Oscar, o notificador?.**

**SR.ALCALDE.-** Xa sabe que sí.

**3.- E decir, ¿o notificador deixou de facer o traballo de notificador por estar facendo de bedel en Fontes?. ¿Está solucionado a día de hoxe o tema: o notificador notifica?.**





**EXCMO. CONCELLO**  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**SR.ALCALDE.-** Sí, pero ese traballo se fixo ben; se fixo como outras veces que colle baixas. A día de hoxe está solucionado o tema e o bedel está de alta.

**PREGUNTAS DE EU-SON.-SR.SILVANO MONTES.-**

**1.-** Está ya funcionando el Vivero de Empresas, ¿tenemos datos ya de la actividad; hay alguna empresa funcionando?.

**SR.ALCALDE.-** Aun no sabemos, la resolución aun no salió, pero queda poco.

**2.-** Sobre los escritos no contestados por fin hubo una contestación; pero seguimos sin tener contestación sobre los convenios con los locales cedidos a asociaciones y demás. ¿Hay convenios, no hay convenios?.

**PREGUNTAS DO PSOE.- SR.LORES.-**

- ¿Se va a constituir mañana a área metropolitana?.

**SR.ALCALDE.-** Teóricamente mañana es la constitución; veremos a ver si todo el mundo cumple; estamos esperando por el Consejo Consultivo. Hasta ahora, como sabes perfectamente, 12 ayuntamientos estamos cumpliendo; y dos, uno porque no puede por el tema de la concesión, y otro hasta ahora no está cumpliendo. Nosotros tenemos que defender los intereses de los baioneses.

E non tendo outros asuntos que tratar, o Sr.Alcalde levantou a sesión sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretaria, CERTIFICO.

